

“Ano 2008: mais competencia”.

Fernando Varela Carid. Vogal do TGDC.

**Artigo publicado o domingo 30 de decembro de 2007 no suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia.”**

O ano 2007 foi pródigo en acontecementos que situaron a defensa da competencia en primeira páxina da actualidade. A nivel europeo, por exemplo, o Tribunal de Primeira Instancia ditou en setembro pasado unha importante sentenza confirmando, nos seus aspectos esenciais, unha decisión da Comisión Europea do ano 2004 na que impoñía unha multa de 497 millóns de euros ao xigante americano da informática Microsoft por abuso de posición dominante fronte aos seus competidores. En xullo, a Comisión multou á Telefónica con 151,8 millóns de euros por abuso de posición dominante no mercado español de Internet. Ese abuso consistiu en cobrar en exceso aos seus competidores polo uso da infraestrutura da banda ancha, que, segundo as autoridades europeas, fixo que os prezos para o usuario final superasen nun 20 por cento a media europea¹.

En España producíronse tamén importantes novas relacionadas coa competencia. Durante o ano promulgouse a nova Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, que entrou en vigor o pasado 1 de setembro e, con ela, comezou a súa andadura a Comisión Nacional da Competencia, con facultades reforzadas para perseguir máis eficazmente as condutas restritivas e tratar de promover unha competencia efectiva nos mercados. Como resultado desa nova Lei, tamén se fortaleceu o sistema de defensa da competencia español no seu conxunto, no que figuran, cumprindo un papel destacado, os órganos autonómicos de defensa da competencia, entre eles, o Tribunal e o Servizo galegos. Entre as resolucións ditadas pola CNC cabe destacar, entre outras, a imposición dunha multa de 24 millóns de euros á Caixa de Guipuzcoa e San Sebastián, á Caixa Vitoria e Alava, á Bilbao Bizcaya Kutxa e á Caixa de Aforros de Navarra por practicas restritivas consistentes nun pacto de non competencia en Guipuzcoa, Alava, Bizcaia e Navarra e na coordinación de comportamentos competitivos fronte a terceiros¹.

Todos estes acontecementos mostran a importancia crecente da defensa da competencia, con decisións que teñen unha transcendencia notable na evolución económica do país, pero que afectan tamén, de modo directo, á vida cotiá de todos nós, como usuarios ou consumidores de bens e servizos.

As restricións á competencia, tales como as condutas colusorias ou o abuso de posición dominante, teñen normalmente o efecto dunha verdadeira incautación das rendas dos consumidores por parte das empresas que as practican. Polo contrario, o mantemento da competencia permite obter produtos e servizos de mellor calidade e mellores prezos que aumentan o nivel de satisfacción dos consumidores. Ademais, coa competencia, as empresas están máis motivadas para introducir cambios tecnolóxicos e investir en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

Alén diso, a competencia favorece ás empresas máis eficientes e as que están máis adaptadas ás preferencias dos consumidores e promove a desaparición de empresas ineficientes ou mal xestionadas, nunha sorte de darwinismo económico que conduce á supervivencia dos máis eficaces. Este mecanismo de *destrucción creadora*, como o chamaba Schumpeter, é unha forza dinámica impulsora de importantes cambios económicos positivos, que segundo numerosos estudos permite explicar ata o 40 por cento do incremento da produtividade nas economías de mercado.

Esperemos que no ano 2008 continúe o traballo das autoridades de competencia e se reduza o impacto nos mercados das condutas restritivas da libre competencia, a fin de incrementar o benestar dos consumidores e avanzar na mellora da produtividade e da competitividade da nosa economía.